




A Revolución Francesa

LIBERTE
EGALITE
FRATERNITE

viaxeaitaca.com

A liberdade guiando o pobo (Delacroix, 1830)



A burguesía leva a cabo

Transformacións económicas

poder económico
sen participación política

Revolucións:

1776: Independencia EE.UU.
1.789: Revolución Francesa
1820-30-48: Expansión liberalismo por Europa



... que consolidan o sistema liberal:

nacido na Inglaterra do S XVII (revolución 1688, J. Locke) e
desenvolvido na Ilustración (Rousseau, Montesquieu, Voltaire,...)



... adoptando os principios de:

Soberanía nacional
Igualdade xurídica dos cidadáns.
División de poderes.
Establecemento de constitucións, parlamentos, partidos e organizacións políticas,
sufraxio e respecto ás liberdades cidadás.



1.776: A 1ª revolución democrática: a independencia de EE.UU.


Proceso revolucionario: Sistema liberal

Ideas políticas liberais e ilustradas:

República (non monarquía)

Constitución.

Dereito natural
Liberdade, igualdade



Antecedentes

•As Trece Colonias de Gran Bretaña

• Sociedade colonial:


•Fóra das rixidas normas da sociedade feudal e estamental

•Propietarios de terras

•Traballadores urbanos

•Comerciantes

•Escravos (500.000 no sur)



FORMACIÓN DE LOS EE UU

Territorio originario

(1775)

1ª fase
(1783)

2ª fase

(1803-1818)

3ª fase

(1845-1853)

4ª fase

(1867-1889)

Reservas indias en 1875



1.776: A 1ª revolución democrática: a independencia de EE.UU.

A guerra da Independencia: 1775-1783

Oposición a dependencia de Gran Bretaña por parte dos colonos, que daban beneficios pero estaban marxinados das decisións da metrópole: era inxusto pagar impostos sen estar representados na institución que os decidía, é dicir, no Parlamento de Londres.



Guerra dos 7 anos contra Francia:

apoio dos colonos pero aumento da presión fiscal: **novos impostos**

(**Lei do Timbre – Stamp act**) →
sobre azucre e algodón.

16 dec 1773: Motín do té (Boston)

Boston Tea Party: →
represión británica.



1776: Declaración da independencia de Filadelfia
(4 de xullo)

George Washington (1732-1799) non tiña exército preparado:
busca axuda de Francia e España

1781: capitulación de Yorktown (EEUU gaña a guerra) →

1783: Gran Bretaña recoñece a independencia de EEUU



1.776: A 1ª revolución democrática: a independencia de EE.UU.

A 1ª constitución democrática (1787)

Pacto:

Colonias do Sur: terratenentes de plantacións con sistema escravista (sociedade aristocrática)

Colonias do Norte: burgueses e pequenos propietarios agrícolas

Gobierno federal

Presidente

2 cámaras legislativas (Congreso e Senado)


Cada Estado: goberno autónomo

Principios:

Igualdade e liberdade

Réxime republicano e democrático

Declaración dos dereitos do home



Impacto en Europa do AR e nas colonias españolas en América.

Resultado

Nace o 1º estado "democrático" moderno:

soberanía nacional (popular)

Constirtución

separación de poderes

estado laico



EUROPA NO S XVIII



A Revolución Francesa

Proceso histórico revolucionario que destrúe as bases políticas, sociais e económicas do Antigo Réxime.

Causas

1 Ideolóxicas:

→ **Racionalismo:** ideas políticas da Ilustración
(separación de poderes, soberanía nacional,...)

2 Crise social:

→ **Crise da sociedade estamental:** contra os privilexios da nobreza e clero:

Burguesía → freada nas súas ansias de poder político

Campesiñado → asobaiado polos impostos feudais (décimos, corveas,...)

Clases urbanas → empobrecidas polos altos prezos

3 Crise económica:

→ **Continuas crises** de subsistencias, altos prezos e fame.

↓
¿Afectados?

As masas populares, que culpan ós privilexiados

4 Crise financeira:

Endebedamento do estado:

{ guerras (7 anos e de independencia EEUU)
gastos da Corte

Solución → **reforma fiscal** → eliminar os privilexios fiscais de nobreza e clero:
Turgot, Calonne, Necker (ministros) non o conseguiron :

" revolta dos privilexiados "

A Revolución Francesa

Fases

1.789 – 92
Etapa moderada.
Revolución burguesa.
Xirondinos



ESTADOS XERAIS
(1.789)

Cadernos de queixas
 Cuestión do voto

ASEMBLEA NACIONAL –
CONSTITUINTE
(1.789- 91)

3 revolucións:

- Parlamentaria: As. Nac. Constituinte
- Urbana: Toma da Bastilla
- Campesíña: a Grande Peur

Supresión sistema feudal
 Declaración dos dereitos do home e o cidadán.
 Constitución civil do Clero
 Constitución 1.791

ASEMBLEA LEXISLATIVA
(1.791 – 92)

Novo parlamento

1.792 – 94
Etapa republicana.
A caída da monarquía.
Xacobinos

CONVENCIÓN NACIONAL

Asalto ó Palacio das Tullerías
 Convención Nacional
 Abolición da monarquía
 República

RÉXIME DE TERROR
(XULLO 1.793 – XULLO 1.794)



Robespierre
 Xacobinos

CONVENCIÓN THERMIDORIANA
(XULLO 1794 – OUTUBRO 1.795)

Xirondinos

1.795 – 99
Etapa thermidoriana.
Directorio.
Napoleón

DIRECTORIO
1.795 - 99

Golpe de Estado
 18 brumario 1.799



NAPOLÉON
1.799 – 1.815




1ª etapa da revolución.

1789 a 1792: Etapa moderada:
Fase Constitucional (Revolución Burguesa)
Asemblea Nacional.Xirondinos.

1789: a revolución:

Estados xerais(maio- xuño):



• **1 maio 1789:**
Reunión dos Estados Xerais
 (última reunión 1614) :

Asemblea de orixe medieval na que estaban representados os 3 estados (Nobreza, clero, 3º estado)

• O 3º estado presenta os *cahiers de doléances* (**cadernos de queixas**): oposición ós impostos feudais (coma os décimos)

• **Cuestión do voto:**

- 3º estado: quería voto individual (era o grupo máis numeroso)
- Nobreza e Clero: voto por estamentos (2 vs 1)



1ª etapa da revolución.

1789 a 1792: Etapa moderada:
Fase Constitucional (Revolución Burguesa)
Asemblea Nacional.Xirondinos.

1789: a revolución:**Asemblea Nacional:**

xuño 89 – setembro 91

Reunión do 3º estado na Sala do Xogo da Pelota (Jeu de Paume):
 esixencia da supresión das divisións estamentais

Luis XVI reúne ó exército nos arredores de París:


“ Estamos aquí pola vontade do pobo; só sairemos pola forza das baionetas” (Mirabeau).

**3 revolucións:****Parlamentaria****Urbana****Campesiña**

**Asemblea Nacional
 Constituinte**
 (7 de xullo):
 esixencia dunha
 Constitución.

Toma da Bastilla
 (14 de xullo)
 : para facerse con armas,
 seguida por rebelións en
 cidades e vilas de toda Francia

A Grande peur (o gran medo):
 rebelión violenta
 deixando de pagar impostos
 e dereitos señoriais, asaltando e
 queimando castelos,...



1ª etapa da revolución.

1789 a 1792: Etapa moderada:

Fase Constitucional (Revolución Burguesa)

Asemblea Nacional.Xirondinos.

Asemblea Nacional:

xuño 89 – setembro 91



Obra lexislativa:

▪ 4 de agosto: **Decreto de supresión do sistema feudal:**

“A Asemblea Nacional destrúe enteiramente o sistema feudal”

▪ Impostos directos

▪ **Estado laico: Constitución civil do Clero:**

Nacionalización(desamortización) dos bens eclesiásticos e sacerdotes coma funcionarios públicos (oposición frontal da igrexa) → 1º paso separación Igrexa / Estado

▪ Xuño 1791: Luis XVI e a súa familia son detidos no seu intento de fuxida.

▪ 26 agosto: **Declaración dos dereitos do home e do cidadán (Sièyes e Mirabeau):**

liberdade, igualdade e soberanía nacional

• **A constitución de 1791** (14 set):

○ Preámbulo: Declaración dos dereitos do home e o cidadán

○ **Monarquía constitucional**

○ **Soberanía nacional**

○ **División de poderes**

▪ Poder executivo: rei con poderes limitados

▪ Poder lexislativo: Asemblea Nacional

▪ Poder xudicial: xuíces elixidos polo pobo e xurados populares

○ **Sistema electoral: censatario:** a maioría da pobo fóra do dereito ó voto (só votaban os que tiñana un mínimo nivel de riqueza)



1ª etapa da revolución.

1789 a 1792: Etapa moderada:
Fase Constitucional (Revolución Burguesa)
Asemblea Nacional.Xirondinos.

Asemblea Lexislativa:

1791 – 92

Eleccións dun novo parlamento: Asemblea Lexislativa

Partidos políticos ou clubs

Xirondinos:

Burguesía moderada:
 reformas moderadas,
monarquía constitucional
e sufraxio censatario



Brissot

Xacobinos:


Robespierre:
sector burguéis máis radical
 e os seus membros proceden das
clases populares urbanas :
 o fin xustifica os medios ata chegar, se é
 preciso, ao terror




Robespierre

Cordeliers ou sans-culottes :

Marat e Danton:
Demócratas:
sufraxio universal
e república



A morte de Marat
 David, 1793



Danton



2ª etapa da revolución.

1792 a 1794: Fase Republicana:
(Revolución Xacobina)
A caída da monarquía.



Mª Antonieta
 (a austriaca)

Convención Nacional:

REPUBLICANA

As potencias absolutistas (Austria e Prusia):
dispostas a invadir Francia.



Luis XVI
 (monsieur veto
 e acusado de apoiar
 ás potencias absolutistas)

Pobo
en contra de

Asalto ó palacio real das Tullerías

(agosto 1792):
 reclusión da familia real

Eleccións:
sufrexio universal:

novo parlamento
dominada polos xacobinos

Abolición da monarquía e
proclamación da República

a Convención Nacional
 (set 1792)



2ª etapa da revolución.

1792 a 1794: Fase Republicana:
(Revolución Xacobina)
A caída da monarquía.

Luis XVI acusado de traición: guillotinado (21 xan 1793)



A Guerra:

Feb 1793: I Coalición Internacional:
Gran Bretaña, Austria, Prusia, Holanda, Rusia e España.



O Terror

DITADURA REPUBLICANA
XULLO 93 – XULLO 94



**Convención
Thermidoriana**

XULLO 94 – OUTUBRO 95

Ditadura republicana:

dirixida por Robespierre (xullo 1793-xullo 1794):

Periodo de terror:

forte represión

(Tribunal rebvolucionario e Comité de saúde Pública con máis de
 50.000 execucións)

e **nova Constitución**

(democracia republicana con sufraxio universal masculino)

Golpe de Estado do mes de Thermidor

(28 de Xullo):

Convención Thermidoriana

(xullo 1794 – out 1795):

Nova Constitución 1795:

despois de guillotinar a Robespierre.

Xirondinos(moderados):

sufraxio censatario e separación de poderes,
 entregando o executivo a un Directorio de 5
 membros.



3ª etapa da revolución.

1795 a 1799: Fase Thermidoriana e Directorio
A burguesía moderada recupera o control.
Napoleón

Directorio

1795 - 99

Dobre perigo:

Oposición dos radicais (xacobinos, sans culottes,...)
que pensan que a rev foi traizoada

A contrarrevolución do Antigo Réxime

O goberno recorre ó exército
(**Napoleón Bonaparte**).

Golpe de estado do 18 Brumario (Nov)

suprime o Directorio e establece o Consulado

**Ponse fin á Revolución Francesa
e comenza a época napoleónica,**
que ten 2 etapas



1.Consulado (1799-1804):

en principio un triunvirato
(Sièyes, Ducos e Napoleón,
que é nomeado 1º cóncul,
e Cónsul Vitaliaco en 1802.

2.Imperio (1804 – 1814):

Constitución 1804

Napoleón

1799- 1815

Obxectivo: consolidar a revolución: dentro e fóra de Francia:

- Constitución 1799 e 1802: reforzo do poder executivo (Napoleón coma Xefe de estado): ditadura disfrazada
- Centralización administrativa
- Reforma fiscal: todo cidadán debe pagar impostos
- Dereito á educación de todo cidadán francés
- Código de Dereito Civil.
- Nas “repúblicas irmás” (estados vasallos ou aliados): monarquías constitucionais, separación de poderes, sufraxio, abolición da sociedade estamental e do feudalismo,...

Europa non volverá ser a mesma



Napoleón

1799- 1815

Guerra Europea:
guerra constante entre 1792 e 1815

Francia: abandeirada dun proceso revolucionario contra o AR

Éxitos militares:

Austerlitz (1805) contra Austria e Rusia
Jena (1806) contra Prusia



Conflicto franco-británico

carácter económico

non político: Gran Bretaña contaba cunha monarquía parlamentaria desde 1688



- Contro do comercio atlántico e colonial
- Bloqueo contintetal contra GB

Estados vasalos: administrados por irmáns e parentes de Napoleón (p.ex: España)

Fronteiras do Imperio:

Estados aliados: ós que se lles impón a paz.

Imperio Napoleónico



Napoleón

1799- 1815

Proxecto napoleónico:

Estender as ideas de
liberdade e progreso

Fin do feudalismo

Liberalismo económico,
propiedade privada, ...

Dificultades:

Alí onde as estruturas do Antigo Réxime eran máis sólidas

España e Rusia

Alí comenzou a caída de Napoleón

Batallas de Bailén (1808)

Leipzig (1813)

Reclusión na illa de Elba

Derrota definitiva en **Waterloo (1815)**

Deportado á illa de Santa Elena,
onde morreu en 1821.



CONCLUSIÓNS

A revolución francesa foi

Revolución burguesa
con apoio popular contra

- a aristocracia
- a monarquía absoluta
- as bases do AR



Base do
liberalismo burgués
do S XIX



Novos fundamentos
soioeconómicos
e
políticos

Liberalismo
Soberanía nacional
Liberdade e dereitos do home
Sistema representativo
Cidadáns (e non subditos)
Constitución
Democracia